SI

# A Sociedade da Información e os autónomos de Galicia. Edición 2017

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2018

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl

# Índice


| | |
|---|---|
| 1. Introdución | 4 |
| 2. Metodoloxía | 6 |
| 3. Caracterización dos autónomos galegos | 8 |
| 4. Equipamento e uso das TIC na actividade dos autónomos | 13 |
| 5. Conclusións | 33 |

# 1. INTRODUCIÓN



# Estudo elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Este estudo analiza comparativamente o uso da Sociedade da Información por parte dos autónomos/as galegos/as respecto do resto de formas societarias e do conxunto das microempresas.

## AVALIAR

- Ser un punto de partida para **avaliar** e servir de elemento para a definición de iniciativas e actuacións focalizadas nos autónomos/as galegos.

## CARACTERIZAR

- **Caracterización** dos autónomos/as galegos: actividade, provincia de ubicación, sexo do traballador/a...

## ANALIZAR

- **Analizar** polo miúdo información cuantitativa dos autónomos/as galegos relacionada coas seguintes cuestións:
  - Conexión a Internet de calidade
  - Optimización da xestión empresarial a través das TIC
  - Cloud Computing
  - Web e presenza nas redes sociais
  - Comercio electrónico
  - Interacción coas AA.PP. a través de Internet

# 2. METODOLOXÍA



## Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística

A fonte de información empregada para realizar a caracterización dos autónomos galegos é o Ministerio de Emprego e Seguridade Social

A información relativa ao equipamento e uso das tecnoloxías no tecido empresarial galego procede da *Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística* (INE) facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega e o IGE

## Datos complementarios aos publicados polo INE

O convenio de Colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refire a:

- Datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos de empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega

# 3. CARACTERIZACIÓN DOS AUTÓNOMOS GALEGOS



Segundo os datos ofrecidos polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social en Galicia hai rexistradas 139.553 persoas como autónomos/as, é dicir, que non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias; tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

**No ano 2017 hai en Galicia 139.553 autónomos/as que representan o 7,1% do total de autónomos/as de España.**




*Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2017.*

A cifra de autónomos/as continúa en descenso, con 2.993 autónomos/as menos que no ano 2016.




*Fonte: Ministerio de Emprego e Seguridade Social. Datos anuais do 4º trimestre 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017.*

A fenda entre homes e mulleres autónomos/as en Galicia indica unha maior presenza masculina no colectivo, pero esta diferencia na Comunidade Galega é soamente de 15,8 puntos porcentuais fronte aos 30,2 puntos que separan en España ás mulleres e aos homes autónomos.



AUTÓNOMOS SEGUNDO SEXO

COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA




*Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2017.*




*Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembre de 2017.*

Tendo en conta a idade dos traballadores / as autónomos/as, apenas atopamos diferenzas salientables entre Galicia e España. Non obstante, son máis os emprendedores entre os 40 e os 54 anos en Galicia que en España.



## AUTÓNOMOS SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE

COMPARATIVA GALICIA-ESPAÑA




*Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Afiliados a 31 de Decembro de 2017.*

Aínda que o sector servizos é o no que máis autónomos/as traballan tanto en España como en Galicia, a importancia da agricultura na nosa Comunidade revirte nun 22,4% de afiliados/as á Seguridade Social en réxime de autónomos/as, 10,6 puntos porcentuais máis respecto ao resto do Estado.



# 4. EQUIPAMENTO E USO DAS TIC NA ACTIVIDADE DOS AUTÓNOMOS



# 4.1. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO E EMPREGO DAS TIC PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL

A dispoñibilidade de ordenador entre os autónomos/as galegos/as incrementouse de forma significativa no último ano (5,2 puntos porcentuais), situándose no 63,3%.




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*



Máis da metade dos/as autónomos/as de Galicia utilizan o ordenador con fins empresariais, cun 52,3% que emprega equipos con conexión a Internet, situándose a tan só 3 puntos da media global das microempresas.




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

O uso do software libre aumentou no último ano, tanto entre os autónomos/as como nas formas sociedades empresariais. No caso dos autónomos/as, rexistrouse un incremento de 6,2 puntos porcentuais no último ano.

USO DE SOFTWARE LIBRE
SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2017




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*








*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

Seguindo a tendencia observada nos últimos anos, a porcentaxe de entidades que compraron servizos de Cloud Computing incrementouse entre as microempresas galegas, en xeral, e entre os autónomos/as galegos/as, en particular (1,3 e 0,6 puntos respectivamente).



As principais compras de solucións Cloud Computing realizadas polos autónomos/as galegos, corresponden a "Servizos de e-mail" e "Servizos de servidor de bases de datos da empresa".

## COMPRA DAS SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas que usan Cloud Computing




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

# Envío e recepción de facturas electrónicas

A media de empresas que envían ou reciben facturas electrónicas seguen en aumento con respecto ao ano 2016. Cabe destacar o aumento destes indicadores entre os/as autónomos/as, que experimentaron un aumento de 5,8 puntos no envío de facturas electrónicas e de 3,2 puntos na recepción.







*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

# 4.2. INTERNET E BANDA LARGA



No ano 2017 produciuse un aumento moi significativo na contratación de Internet entre os autónomos/as galegos/as: incrementouse en 8,6 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*



Entre as empresas que contan con Internet, a porcentaxe de conexión á Rede a través de banda larga supera o 98%, sen que se produzan diferenzas significativas ente os/as autónomos/as e as sociedades.




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

Entre os autónomos/as con conexión a Internet, sete de cada dez opta pola banda larga móbil, medrando de xeito significativo no último ano, 11,2 puntos porcentuais, superando a porcentaxe media total das microempresas (69,2%) e formas societarias empresariais (66,9%).





O 59,6% dos/das autónomos/as galegos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 10 Mbps.

Entre os autónomos/as, cabe salientar o incremento de 4 puntos porcentuais da contratación de velocidades de conexión a Internet superiores aos 30 Mbps, acadando xa ao 24,1% dos autónomos/as fronte ao 20% do ano anterior

VELOCIDADE DE CONEXIÓN SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

# 4.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

O uso da páxina web por parte das microempresas galegas experimenta un descenso no último ano, afectando especialmente aos autónomos/as galegos/as. Este dato debe matizarse polo incremento das redes sociais.




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

# SERVIZOS DISPOÑIBLES NA PÁXINA WEB SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet e páxina web




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

A presentación da empresa é o servizo máis frecuentemente dispoñible nas páxinas webs dos autónomos/as galegos. Non obstante, cabe salientar que un 44% dos autónomos/as con páxina web publica vínculos ou referenzas aos perfís en medios sociais.



Un de cada tres autónomos/as con conexión a Internet emprega as redes sociais. O uso de medios sociais está en aumento entre os/as autónomos/as galegos/as, incrementándose en 10,3 puntos porcentuais no último ano e superando a media global de microempresas e sociedades.



## MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2017

Base: empresas con conexión a Internet




## REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yammer...) SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2017

Base: empresas con conexión a Internet que empregan medios sociais




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

## EMPREGO DOUTROS MEDIOS SOCIAIS SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

Base: empresas con conexión a Internet que usan medios sociais




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

Os autónomos/as galegos/as destacan pola súa utilización de websites que comparten contido multimedia, seguido do uso de blogs de empresas ou microblogs como Twitter ou Blogger.

Cabe destacar que as ferramentas para compartir coñecementos baseadas en Wiki contan cunha aceptación maior entre os/as autónomos/as que no resto de microempresas.



Preto da metade dos autónomos/as que empregan as redes sociais, as considera "moi útiles", en valores similares aos resto das microempresas galegas.



## CONSIDERAN AS REDES SOCIAIS "MOI ÚTILES" PARA O SEU NEGOCIO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2015- 2017

Base: empresas que usan as redes sociais




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

# 4.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

O 15% dos autónomos/as realiza compras a través de Internet. O uso do comercio electrónico entre os/as autónomos/as galegos/as incrementase en 1,8 puntos porcentuais respecto do ano 2016.



COMPRAS POR COMERCIO ELECTRÓNICO SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN EN GALICIA 2014- 2017

Base: empresas con conexión a Internet




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

# 4.5. INTERACCIÓN COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DE INTERNET

O uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas segue a aumentar entre as microempresas galegas, en xeral, e entre os/as autónomos/as, en particular, de xeito que dous de cada tres autónomos/as con conexión a Internet empregou a Rede para relacionarse coas administracións públicas, 6,3 puntos máis que o ano anterior.




*Fonte: elaboración do OSIMGA, a partir de datos INE, facilitados polo IGE*

## INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Obter información SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2017

Base: empresas con conexión a Internet




## INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Obter impresos ou formularios SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2017

Base: empresas con conexión a Internet




## INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Devolver impresos cumprimentados SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2017

Base: empresas con conexión a Internet




Entre os autónomos/as con conexión a Internet, aumentou a obtención de impresos e a cumprimentación de formularios *on line* nas súas relacións coas Administracións Públicas.

## INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Declaración de impostos SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2017

Base: empresas con conexión a Internet




## INTERACCIÓN COAS AA.PP.: Declaracións de contribucións SEGUNDO CONDICIÓN XURÍDICA

EVOLUCIÓN AUTÓNOMOS EN GALICIA 2014- 2017

Base: empresas con conexión a Internet




Preto da metade dos/as autónomos/as con conexión a Internet utiliza a Rede para declarar impostos e preto dun 30% tamén realiza declaracións de contribucións. Estes indicadores medraron 8,4 puntos e 6,5 puntos, respectivamente no último ano.



# 5. CONCLUSIÓNS

## Caracterización do/a autónomo/a en Galicia

- Caracterización: 139.553 autónomos/as en Galicia, que representan o 7,1% do total de autónomos/as en España.
- Aínda que en Galicia a maioría do colectivo son homes, existe unha significativa presenza de mulleres (42,1%), superior á que se rexistra no conxunto de España (34,9%).
- Aínda que o sector servizos é o no que máis autónomos/as traballan tanto en España como en Galicia, a importancia da agricultura na nosa Comunidade revirte nun 22,4% de afiliados/as á Seguridade Social en réxime de autónomos/as, 10,6 puntos porcentuais máis respecto ao resto do Estado.

## Fortalezas (I)

- A dispoñibilidade de ordenador entre os autónomos/as galegas incrementouse en 5,2 puntos porcentuais no último ano, situándose no 63,3%.
- No ano 2017 produciuse un aumento moi significativo na contratación de Internet entre os autónomos/as galegos/as: incrementouse en 8,6 puntos porcentuais respecto ao ano anterior.
- Entre os autónomos/as con conexión a Internet, sete de cada dez opta pola banda larga móbil, medrando de xeito significativo no último ano, 11,2 puntos porcentuais, superando a porcentaxe media total das microempresas (69,2%) e formas societarias empresariais (66,9%).
- A velocidade da banda larga é un activo importante para a actividade empresarial dos autónomos/as. O 59,6% dos/das autónomos/as galegos/as conta cunha velocidade de conexión a Internet superior aos 10 Mbps. Entre os autónomos/as, cabe salientar o incremento de 4 puntos porcentuais da contratación de velocidades de conexión a Internet superiores aos 30 Mbps, acadando xa ao 24,1% dos autónomos/as fronte ao 20% do ano anterior

## Fortalezas (II)

- Preto da metade dos autónomos/as galegas (49,8%) utiliza software libre para o seu labor empresarial. O uso do software libre aumentou no último ano, tanto entre os autónomos/as como nas formas sociedades empresariais. No caso dos autónomos/as, rexistrouse un incremento de 6,2 puntos porcentuais no último ano.
- Un de cada tres autónomos/as con conexión a Internet emprega as redes sociais. O uso de medios sociais está en aumento entre os/as autónomos/as galegos/as, incrementándose en 10,3 puntos porcentuais no último ano e superando a media global de microempresas e sociedades.
- O uso de Internet para relacionarse coas Administracións Públicas segue a aumentar entre as microempresas galegas, en xeral, e entre os/as autónomos/as, en particular, de xeito que dous de cada tres autónomos/as con conexión a Internet empregou a Rede para relacionarse coas Administracións Públicas, 6,3 puntos máis que o ano anterior.
- Preto da metade dos/as autónomos/as con conexión a Internet utiliza a Rede para liquidar os seus impostos e preto dun 30% tamén realiza declaracións de contribucións. Estes indicadores medraron 8,4 puntos e 6,5 puntos, respectivamente no último ano.

## Debilidades

- A compra de servizos Cloud computing, o uso de facturas electrónicas e o emprego do comercio electrónico presentan unha reducida implantación entre os autonómos/as galegos. Non obstante, cabe destacar o aumento no uso da factura electrónica entre os/as autónomos/as, que experimentou un aumento de 5,8 puntos no envío de facturas electrónicas e de 3,2 puntos na recepción.

OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e a Modernización de
GALICIA

amtega
Axencia para a
Modernización Tecnolóxica

XUNTA
DE GALICIA